



# Xogade

## DUATLÓN

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## 1. INSCRACIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da páxina Web: [www.deporteescolargalego.gal](http://www.deporteescolargalego.gal)

A data de peche de inscrición é o 31 de xaneiro de 2017.

Para as fases provincial e galega, a inscrición para a competición deberá facerse con 10 días de antelación ao inicio da competición.

## 2. PARTICIPANTES

Poderán participar nesta actividade, os centros escolares, as ANPA, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións, nas competicións individuais e por equipos das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete (masculina e feminina).

## 3. CATEGORÍAS

**Categoría BENXAMÍN feminina e masculina:** nados nos anos 2008-2007.

**Categoría ALEVÍN feminina e masculina:** nados nos anos 2006-2005.

**Categoría INFANTIL feminina e masculina:** nados nos anos 2004-2003.

**Categoría CADETE feminina e masculina:** nados nos anos 2002-2001.

Os equipos poden estar compostos por un máximo de seis persoas (rapaces ou rapazas), e puntuarán os/as 3 mellores.

*A categoría cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación, organizado pola Federación Galega de Tríatlon, podendo participar deportistas con licenza federativa nados no ano 2000.*

## 4. DISTANCIAS A PERCORRER

CATEGORIAS			
Benxamín	500 m	2.000 m bicicleta	250 m
Alevín	1.000 m	4.000 m bicicleta	500 m
Infantil	1.500 m	6.000 m bicicleta	750 m
Cadete	2.000 m	8.000 m bicicleta	1.000 m

## 5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

### Fase zonal

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Realizaranse un máximo de 2 xornadas por provincia, ás

que se poden anotar todos os deportistas e entidades que o desexen e que cumpran os requisitos de inscrición.

Serán dúas probas clasificatorias, nas que clasificarán para a final provincial os/as 25 primeiros/as nas probas clasificatorias individuais. Non haberá clasificación por equipos.

### Campionato provincial

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Participarán os/as clasificados/as individuais nas fases previas e, de ter o número necesario de deportistas clasificados, poderán formar equipos para entrar na clasificación por equipos.

Clasificarán para a final galega os/as 8 primeiros/as individuais e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada provincia.

No caso de que a participación no Campionato Provincial sexa inferior a 8, as prazas non cubertas para o Campionato Galego repartiranse proporcionalmente nas provincias de máis participación.

Non haberá invitacións.

### Campionato Galego

O Campionato Galego será organizado pola Federación Galega de Tríatlon.

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete

Participarán os/as 8 primeiros/as clasificados/as e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada provincia.

## 6. REGRAS DE COMPETICIÓN

Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.

### Ciclismo

Obrigatorio o uso correcto do casco e non se poderá utilizar no sector da carreira a pé.

## 7. DATAS

Campionato de España de Tríatlon: sede e datas por determinar.

## 8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, que se pode consultar na páxina web da federación: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org)

É recomendable consultar a normativa específica de cada proba.

Así mesmo, na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: [deporte.xunta.gal](http://deporte.xunta.gal), e na do Programa Xogade: [xogade.xunta.gal](http://xogade.xunta.gal).